

ABORTO LIBRE, NÓS DECIDIMOS

Non á reforma de Gallardón. Fóra o aborto do Código Penal!

Movemento Feminista de Madrid - Manifesto do 8 de febreiro do 2014

Con motivo da aprobación do goberno do Anteproxecto da Lei do Aborto (protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada), queremos expresar o noso absoluto rexeitamento ao que supón un atentado contra os dereitos, a autonomía e a liberdade das mulleres.

Con este anteproxecto, o 97 % das mulleres que aborta terano que facer de forma “ilegal”. Aquelas que teñan recursos económicos irán ao estranxeiro e as que non, porán en risco a súa saúde e a súa vida ao recorrer ao aborto clandestino, por non falarmos da inseguridade e vulnerabilidade xurídica que creará nas e nos profesionais da saúde.

O anteproxecto pretende basearse ante todo na suposta defensa da vida. Unha idea proposta por un goberno que impón políticas laborais inxustas, que recorta o acceso ás escolas infantís, que nega a ampliación do permiso de paternidade e o acceso á reprodución asistida a todas as mulleres, que elimina servizos sociais básicos e que aplica recortes en dependencia e sanidade. Perante esta situación, preguntámonos: ¿de que vida falan cando falan da vida?

Reclamar o dereito ao aborto libre significa que non se pode forzar a muller a proseguir cun embarazo non desexado e cuestionar a súa decisión de interrompelo. O dereito a decidir supón o recoñecemento das mulleres como suxeitos moralmente autónomos para decidir sobre as nosas vidas, os nosos corpos e sobre a maternidade (decidir ser nais ou non selo).

Dado que somos persoas autónomas, responsables, libres e iguais, esiximos:

-A retirada inmediata deste anteproxecto de lei que atenta contra os dereitos das mulleres, contra a nosa autonomía, liberdade, saúde, vida e dignidade.

-Que o aborto estea fóra do código penal. Que se regule como un dereito de todas as mulleres a interromper un embarazo non desexado sen ningún tipo de discriminación.

-Fomentar e garantir a educación afectivo-sexual libre de estereotipos sexistas e homófobos. Fronte á lei Wert, que impulsa a relixión dentro das escolas mentres se exclúe das aulas a educación sexual con persoal cualificado.

-Que se respecte a autonomía das menores e non se obrigue as mulleres de 16 e 17 anos a precisar do permiso da(s) súa(s) nai(s) e/ou do(s) seu(s) pai(s), e aínda menos dun xuíz, para decidiren sobre a súa maternidade.

-Que se regule a obxección de conciencia para que ningunha muller fique sen asistencia sanitaria.

As mulleres non necesitamos tutelas doutras persoas, que non son senón tentativas de impornos un proxecto de vida que nega a nosa condición de suxeitos de pleno dereito. Por iso, dicimos NON á proposta do goberno e esiximos que se recoñeza o dereito ao aborto.

AS MULLERES DECIDEN, O ESTADO GARANTE, A SOCIEDADE RESPECTA E A IGREXA NON INTERVÉN.

Movemento Feminista de Madrid - Vémonos o 8 de febreiro do 2014 ás 12:00 horas dende a Glorieta de San Bernardo á Plaza de Callao.